


AS CIVILIZACIÓNS FLUVIAIS



Civilizacións son sociedades complexas que comparten unhas sinais de identidade, como poden ser a *lingua*, *relixión*, *crenzas*, *costumes*, *técnica*, *mentalidades*, *organización política*, etc.

As primeiras civilizacións nacen arredor de grandes ríos, por iso se chaman fluviaais: a exipcia no Nilo, a mesopotámica entre o Tigris e o Éufrates, a civilización do Indo arredor deste río asiático, e a chinesa entre os ríos Huang Ho e langtsé.


CARACTERÍSTICAS:

-poder político forte. o poder estaba nas mans dun rei que ditaba as leis, mandaba nos exércitos e tiña tamén funcións relixiosas. Para gobernar sobre estes territorios axudouse dos funcionarios e o exército.

-sociedade moi xerarquizada. Poboación organizada en estamentos onde uns poucos privilexiados eran propietarios da maioría das terras, riquezas e repartíanse os cargos públicos. A grande maioría estaba sometida a estes privilexiados.

-construción de grandes obras. Palacios, templos e tumbas para os reis e os poderosos. Grandes obras de enxeñaría para canalizar a auga dos ríos, regar terras e evitar as enchentes.

MESOPOTAMIA



- Durante o III milenio a.C., os sumerios construíron as primeiras cidades-Estado, destacando Uruk e Ur. Eran cidades independentes entre si. O personaxe máis importante foi Gudea de Lagash.
- Cara ao ano 2300 a.C. os acadios, ao mando de reis como Sargón I ou Naram-sim, fundaron o imperio acadio e someteron as cidades sumerias.
- No 1800 a.C. a hexemonía pasou á cidade de Babilonia, gobernada entre outros, por Hammurabi, creador do primeiro código de leis escrito.
- Os asirios, pobo guerreiro do norte de Mesopotamia invaden Babilonia e así estenderon o Imperio asirio que chegaría ata o Mediterráneo e Exipto. Destacan os reis Asurbanipal e Asurnasirpal, entre outros.
- Despois dun breve rexurdir da imperio neobabilónico no século VI a.C, outro pobo das estepas iranianas, os persas invadiron Asiria e Caldea, o que puxo fin á civilización mesopotámica.

INVESTIGA... A escritura cuneiforme

Os inicios da escritura

As primeiras formas de escritura eran pictográficas, isto é, debuxábase un símbolo (**pictograma**) que representaba un obxecto ou un concepto.



Máis adiante, convertéronse en **ideogramas**, que representaban accións ou conceptos máis xerais. Co tempo, estes signos foron simplificándose e deron lugar á escritura **cuneiforme**.

Como se realizaba a escritura cuneiforme

Esta escritura realizábase facendo incisións con punzóns sobre táboas de arxila húmida, nas que quedaban impresos os signos. A continuación deixábanse secar ao sol para endurecelas.

Coñecer todos os signos era un labor difícil, que estaba reservado a uns especialistas: os **escribas**.

Este debuxo amosa como se escribía nunha táboa pequena de barro.



O esquema amosa a evolución das formas de escritura entre o pictograma e o signo cuneiforme.



Así quedaba a táboa pequena unha vez seca.

SOCIEDADE MESOPOTÁMICA



O **REI** era tamén sumo sacerdote. A **ARISTOCRACIA** estaba formada pola familia real e a nobreza. Posuían extensas terras e ocupaban os cargos máis importantes.

Os **SACERDOTES** vivían nos templos e encargábanse dos ritos relixiosos. Os templos contaban con terras e obradoiros artesáns.

Os **FUNCIONARIOS** estaban formados por guerreiros e, sobre todo, **ESCRIBAS**, que sabían ler, escribir e contar. Controlaban a calidade dos produtos e rexistraban os impostos.

Os **CAMPESIÑOS** labraban as terras, que pertencían aos templos. A cambio, recibían unha parte da colleita.

As **PERSOAS ARTESÁS** traballaban en obradoiros, onde elaboraban tecidos, perfumes, obxectos de madeira ou de ourivaría...

Os **COMERCIANTES** eran persoas que intercambiaban nas zonas portuarias produtos como prata, cobre, estaño, madeira, lapislázuli...

Os **ESCRAVOS** eran persoas que non eran libres e non tiñan dereitos. Pertencían aos grupos dirixentes e traballaban nos templos e nos palacios. Chegaban á condición de escravitude por ser prisioneiros de guerra ou por débedas.

As **MULLERES** estaban sometidas á autoridade dun home. Podían traballar co permiso do pai ou do esposo, e cobraban a metade de salario que un home.



Estela de Ur-nina



Estandarte real de Ur




Estela de Naram-sim

ARQUITECTURA MESOPOTÁMICA

Construíron con materiais pobres, como o ladrillo e o adobe (barro mesturado con palla), pois non tiñan pedra.

Utilizaron o arco de medio punto e a bóveda de canón.




11. Arco (A) e bóveda (B).

Para embelecer os edificios utilizaban a cerámica vidrada, como na Porta de Istar da cidade de Babilonia.

Nas cidades construíanse os edificios máis importantes.

O palacio serve de residencia ao rei. A entrada ao palacio adoitaba contar cunha porta formada por muros ricamente decorados.

Os templos, nos que sobresaía o cigurat que eran grandes torres que servían de observatorio astronómico, lugar de culto, centro de adiviñación e a morada dos deuses na terra.



EXIPTO



Xorde hai uns 5.000 anos no NE de África, onde o río Nilo. Os exipcios chamaban á franxa bañada polo Nilo como **terras negras**, que eran moi fértiles, fronte as **terras vermellas**, é dicir, o deserto. Na súa desembocadura, O Nilo formaba un amplo delta. Esa terra chamábase Baixo Exipto e o val do Nilo no seu curso medio era o Alto Exipto. Conta a lenda que cara ao 3100 a.C. o rei Narmer unificou ambos reinos e converteuse no primeiro faraón de Exipto.

ETAPAS DA HISTORIA DE EXIPTO

IMPERIO ANTIGO	2670 →	<ul style="list-style-type: none"> Capital: Menfis Período de estabilidade e prosperidade Grandes pirámides (Keops, Kefrén e Micerinos)
Invasións		
IMPERIO MEDIO	2040 →	<ul style="list-style-type: none"> Capital: Tebas Período turbulento con guerras e invasións
Invasións		
IMPERIO NOVO	1550 →	<ul style="list-style-type: none"> Capital: Tebas e Tell-el-Amarna Expansión territorial de Ramsés II Amenofis IV (Akhenatón) proclama o monoteísmo (culto a Atón) Fin do Exipto unificado
Invasións		
ÉPOCA TARDÍA	700 →	<ul style="list-style-type: none"> Século VI: Exipto convértese en provincia persa 332 a.C.: Conquista de Alexandre Magno 69-30 a.C.: Cleopatra VII. Exipto, provincia romana

IMPERIO ANTIGO: entre o 3100-2050 a.C. Establécense as bases do Estado e da sociedade exipcia. O faraón é considerado un deus. Destacan Keops, Kefren e Micerinos.

Cara ao 2200 a.C. comeza unha crise que pon fin ao primer período.


IMPERIO MEDIO: entre o 2050-1580 a.C. Mentuhotep II inicia esta etapa. Conquistou Nubia ao sur, realiza campañas en Libia e Siria. De novo comeza ao final do período unha época de inestabilidade que facilita a invasión de pobos estranxeiros (hicsos).

IMPERIO NOVO: 1580- século VI a.C. foi unha época de esplendor. Destacan Tutmosis I, Amenofis II, Akenatón e Ramsés II.

A partires do 1100 a.C. a invasión dos pobos do mar fan debilitar o Imperio Novo.

ÉPOCA TARDÍA: invasións persas, macedónicas e finalmente romanas, poñen fin definitivo á cultura exipcia antiga.

O PODER DO FARAÓN



O faraón concentraba todos os poderes: ditaba as leis, gobernaba o país, posuía gran parte das terras, controlaba o comercio e mandaba sobre o exército.

Os exipcios crían que os faraóns eran deuses, que tiñan poderes máxicos e provocaban co seu poder as enchentes do Nilo.

Existiron mulleres que accederon ao trono de faraón, caso da raíña Hatshepsut, na dinastía XVIII.

Cando un faraón morría sucedíao a seu fillo. Dese xeito formáronse dinastías ata un total de 31.

OS SIMBOLOS DO FARAÓN

Voitre: símbolo do Alto Egipto

Serpe: símbolo do Baixo Egipto.

Nemes ou tocado de raias: símbolo do poder real dado polos deuses.

Caxato do pastor: símbolo de autoridade e protección sobre o pobo.


Flaxelo ou látigo: símbolo do poder e mando.

Barba postiza: símbolo da divindade.

Dobre coroa: a vermella a do Baixo Egipto e a branca a do Alto Egipto.

SOCIEDADE EXIPCIA

- | | | |
|-----------------|---------------|---------------|
| 1. Faraón | 4. Nobles | 7. Escribas |
| 2. Esclavos | 5. Campesinos | 8. Sacerdotes |
| 3. Comerciantes | 6. Servientes | 9. Artesanos |



A ARTE EXIPCIA

ARQUITECTURA

Construíron palacios, templos e tumbas. Arquitectura con dimensións colosais con edificios en pedra. Estes edificios era alintelados, é dicir, con teitos planos apoiados sobre enormes columnas.

TEMPLOS


A estrutura era moi semellante en todos:

-Unha longa avenida decorada con esfinxes (estatuas con corpo de león e cabeza humana) levan a unha porta monumental. Esta porta estaba inscrita nun enorme muro inclinado e decorado con relevos e pinturas, o pilono. Diante del adoitaban aparecer os obeliscos, grandes piares que representaban o camiño que unía a terra e o ceo. A continuación accedíase a un patio rodeado de grandes columnas. Despois entrábase na sala hipóstila, máis baixa, e chea de columnas. Finalmente, ao fondo, moito máis escuro e inaccesible, estaba o santuario, onde se conservaba a estatua do deus.

FAINO ASÍ


- 13 • Describe as partes do templo de Karnak desde a entrada.
- Que características e elementos propios da arquitectura exipcia observas nas ruínas?
- Que outra información che proporciona a reconstrución?
- Como puideron os historiadores deducir a aparencia dos elementos que non se ven nas ruínas?

25. RECONSTRUCCIÓN DO TEMPLO DE KARNAK



TUMBAS

Os exipcios construíron tres tipos de tumbas, ao longo do tempo:




MASTABA

Tumba máis antiga.

Exterior: forma de prisma con paredes inclinadas.

Interior: cámara subterránea á que se accedía por un pozo.




PIRÁMIDE

Tumba na que se enterraban os faraóns durante o imperio antigo e imperio medio.

Exterior: forma de pirámide.

Interior: cámara funeraria á que se chegaba a través dunha rede de pasadizos e trampas.



HIPOXEO

Tumba subterránea escavada no interior dunha montaña.

Exterior: non se ve, a tumba quedaba disimulada para evitar os saqueos.

Interior: cámara funeraria.


ESCULTURA

Estaban elaboradas, normalmente, en pedra, para que fosen eternas coma a alma.


As esculturas de vulto redondo estaban feitas para ser vistas de fronte, tiñan dimensións colosais. Eran estatuas bloque, estáticas que transmitían rixidez e estaban idealizadas.

Tamén había estatuíñas en barro e madeira que representaban escenas cotiás. Destacan tamén retratos máis realistas de personaxes importantes, como o busto de Nefertiti.

O relevo utilizábase nos pilonos dos templos e nas paredes das tumbas.



Triada de Micerinos



Escriba sentado do Louvre



Busto da raíña Nefertiti

PINTURA

Utilizouse para decorar os templos e as tumbas.

Os artistas debuxaban cada parte do corpo na súa forma máis recoñecible: as pernas e os pés de perfil, o tronco de fronte, o rostro de perfil e os ollos de fronte. Utilizaron cores vivas, e igual que no relevo as figuras son hieráticas e sen movemento. Carecen de perspectiva e sen sentido de profundidade ou terceira dimensión. Os personaxes seguen a perspectiva xerárquica, é dicir, os máis importantes son de maior tamaño e situábanse diante dos demais.



Xuízo de Osiris.

Libro dos mortos